

A.E.G.

- ASOCIACIÓN DE ESTUDANTES -POR GALIZA 1996 - 1999 -
Marzal 1999 ★ número 7 ★ 20 pesos (0¹⁶⁰ Euros)

DESPERTA O CELTA
QUE LEVAS DENTRO

**CINE:
FISTERRA**


**NÓS:
AS RAICES DE
GALICIA**

**SOLIDARIEDADE:
O CURDISTAN**

**MÚSICA:
PANACEA**

**DEPORTES:
CLUB BALONMÁN
MUGARDOS**

Nós, os celtas.





**INCLUSO EU
PODO FALAR
GALEGO**


**EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA •
DE LOS SE
MIGARDOS**

20M
R 2A
GALL

DE VISE

**ASOCIACIÓN DE
ESTUDANTES POR
GALIZA**

A.E.G.



**Número 7
Marzal 1999**

EDITORIAL

Traballan neste número:

Ali Farna Toure
A. C. Treme a Terra
Arensivia
Cristina Garcia
E. de Norm. Lingüística
Elena Brozos
Eu o anónimo
Gloria Hevia
Juan Carlos F. Naveiro
María Otero
Leñero
Lidia Pena
Lois Rico
Naska Kalasnikov
Seminario de Historia
Vero 16
Xan Carneiro

O gallá esta nova época da revista da Asociación de Estudiantes por Galiza non fose unha sorpresa, pero seguramente o foi.

Logo dun ano absolutamente en branco segue habendo quen non se rende e volta a ergue-la cabeza, a ollar cara atrás e ir á procura de xente disposta a tende-la man a este proxecto.

Todo voltará a ser difícil, mais ¿non é por iso polo que estamos aquí? O que nunca faremos será agardar cos brazos cruzados a que todo isto apodreza.

De seguro que hai xente nova agardando a facer algo, por iso os máis vellos deben de amosa-lo camiño. Todos nós, TODOS, somos os que, en conxunto, facemo-la vida nesta comunidade mellor ou peor. hai persoas capaces de facer xuntas cousas moi importantes se non fose porque aínda seguen tendo o concepto de estamentos diferentes, incluso contrarios, neste Intituto... en tódolos bandos.

Rompe-las barreiras innecesarias será traballo de todos.

Mentres tanto seguiremos a traballar.

A.E.G.

SUMARIO

REFLEXIÓNS

O sur tamén existe... quizais.	4
O noso idioma	6
Curtó relato de Breogán	7
Preparativos	8

BUZÓN DO ESTUDANTE

Horarios... !?	10
¿Matemáticas?!	10

NÓS

As raíces de Galicia	12
----------------------	----

SOLIDARIEDADE

O curdistán	14
-------------	----

IRMANDADE

IV Concerto de Solidariedade	16
------------------------------	----

NATUREZA

Animáis ó pescozo	18
-------------------	----

DEPORTES

Club Balonmán Mugaros	19
-----------------------	----

CINE

A fin da terra, a fin do silencio	20
-----------------------------------	----

MÚSICA

O grande fraude do rock'n'roll	21
--------------------------------	----

Ó fin a 'Panacea'	22
-------------------	----

MILI KK

Cancións da puta mili	24
-----------------------	----

ATHEOS

Sen Deus, sen Patria,...	25
--------------------------	----


PASATEMPOS

reflexiões

O sur tamén existe, quizais...

EL PAÍS, martes 2 de febrero de 1999

ESPAÑA



Un guardia civil vigila con unos prismáticos, en agosto pasado, la frontera de Ceuta con Marruecos, recorrida por una doble valla, una acera y una carretera.

ASSOCIATED PRESS

La impermeabilización de la frontera iniciada hace cinco años ha costado ya 5.680 millones

El Gobierno levantará otra valla en Ceuta porque la actual no frena a los inmigrantes

MIGUEL GONZÁLEZ, Madrid
Una frágil valla de alambre de 2,5 metros de altura no basta para detener la creciente ola de inmigrantes ilegales que recorre media África para llegar ante Ceuta, puerta de en-

trada al paraíso europeo. Cinco años y 5.680 millones de pesetas después de su inicio, las obras de impermeabilización de la frontera con Marruecos no sólo no tienen plazo de finalización ni presupuesto definitivo, sino

que se enfrentan ya a su primera reforma. La valla exterior será derribada en breve para sustituirla por otra de acero galvanizado, que se elevará 3,10 metros y será reforzada con una alambrada de espino.

Los casi 2.000 subsaharianos que se hacían en el campamento de Ceuta, fuentes consultadas, para prevenir el...

Fixérame á idea de que os tempos nos que un grupo humano chantaba barreiras artificiais para defenderse de outro, xa pasaran: os chineses fixeron a súa Gran Muralla para evitar os ataques que lle chegaban do Norte, pero disto xa hai tempo, o que fai razoable a existencia da muralla como defensa, antes, e como patrimonio cultural e artístico agora.

Por sorte a muralla que había en Berlín si que

caeu, e esta si que simboliza a estupidez humana en pleno e desenrolado século XX.

Pois Hespaña, que como ben se sabe é diferente, conseguirá superar todo isto.

Hespaña non se conformará con facer un muro que parta en dous a vida e a esperanza dunha cidade, tampouco pretende facer unha Gran Muralla de centos de quilómetros.

Hespaña, país centrista, vai máis alá, e é quen

reflexións

de se separar dous continentes cun só muro. África e Europa estarán dende agora máis lonxe gracias a un muro que rodeará Ceuta para evitar ós inmigrantes.

A sabia natureza tardou miles de millóns de anos en separar o vello continente do Norte de África e aínda así so hai uns poucos quilómetros de separación. Hespaña conseguirá que isto se aumente, se ben non en distancia, si en dificultades, e todo por tan só 6.000 millóns de pesetas (36.060.000 Euros), que é o custe total de derribar o muro actual e construír o novo. A cidade convertirase nun auténtico búnker, co mar a un lado e un muro de aceiro de tres metros de alto ó redor.

Neste punto cabe preguntarse quen é o poderoso inimigo alén do muro, quen ou qué tentará superar ó xigante de aceiro.

Se alguén constrúe unha obra de defensa tan sólida será porque ten un inimigo temible. E así é: o inimigo é un home marroquí que tenta chegar ó "Paraiso" europeo para que os seus seis fillos teñan comida o día de mañá; o inimigo é unha dona embarazada de nove meses que, dende Sudán, cruza África para chegar a Ceuta, para pasar tres días nunha cárcere porca, sen recibir asistencia médica; o inimigo tamén pode ser un meniño negro cos brazos mutilados, que fuxe do horror de Serra Leona; cecais o inimigo sexa un rapaz de dezasete anos dunha remota aldea alxeriana, na que os integristas islámicos aniquilarán á familia...

O inimigo é poderoso e por iso é completamente necesario construír o telón de aceiro, é preciso defender á libre Europa deses "pobriños" que vemos dende os nosos cómodos sofás e a traveso das nosas color TV de país do 1º Mundo. Un 1º Mundo que gasta moitos millóns nisto e non en medicamentos, escolas ou mesmo leite.

A súa esperanza xá é pouca, pero ademais o mal chamado Mundo Occidental constrúelle un muro inmenso que lles cega a única oportunidade que lles quedaba.

Se en Madrid non o entenden, en Galicia si deberiamos saber de qué vai o tema. Xeracións e xeracións de galegos andiveron polo mundo buscando un futuro, que no seu terruño apodrecía.

¿Que pensaría o irmán do meu avó se non lle deixasen entrar na Arxentina? ¿Ou o meu propio avó se Francia aceirara as súas fronteiras... solidariedade antes para nós e agora para eles.

Pero si eres africano non te podes queixar, ó fin e ó cabo o teu é un continente de oportunidades: podes ser un talentoso xogador de fútbol marroquí e fichar polo DEPOR; podes quedar no teu lar e morrer de fame; podes quedar no lar e morrer nunha extraña e horrible guerra civil; podes tentar cruza-lo Estreito e morrer afogado; podes entrar por Ceuta, que te pillen e que te manden a un cotroso campamento de refuxiados; podes ir por Ceuta, saltar o muro de tres metros, sen que te vexa a policía, meterte de polizón nun barco pesqueiro (sen que te vexan, por suposto), chegar á península para vender pulseiras e gorritas no paseo marítimo de Ares, co risco de que tres ignorantes se metan contigo chamándote "Amunike", ou vender os gorros en Madrid para que os tres ignorantes de alí te apaléen por ser moreno de máis, baseándose nunha ideoloxía retrasada. Ademais si eres extranxeiro o país das oportunidades do goberno centrista non permite que a Seguridade Social te atenda, xa que non tes cartilla.

As oportunidades son múltiples, a esperanza non.

Os galegos emigraron durante décadas e conseguiron saír adiante. agora debemos seguir dando exemplo de saber estar, axudando a amigos africanos como o que hai en Arousa e para o que os arousáns piden asilo político.

Os que antes tivemos que saír, compre que agora deixemos entrar.

O sur tamén existe... por agora.

Allí Farna Toure.

reflexións

O noso idioma

Adicado a alguén que unha vez dixó que non mercaba a revista por que non compartía a súa ideoloxía (¿que ideoloxía? nesta revista cada un di o que pensa). Aínda así, se les isto, graciñas por abrílle os ollos á xente que é mellor ca ti.

Pois ben, isto que vos vou contar é case un relato autobiográfico, e vai adicado a todas esas persoas que son tan sumamente tolerantes que discriminan a xente polo súa forma de pensar (entre outras cousas).

Nesta Galiza chea de xente tolerante pero tamén chea de xente ignorante, moitas veces sínteste desprazado nun momento no que pensas que estás só, aínda que máis tarde te des conta de que non o estás.

Todo comeza fai catro anos, tiña máis ou menos trece, catorce anos, e a miña ideoloxía estaba máis ou menos definida, polo tanto decidín poñerme a falar galego para así poder colaborar co meu graiño de area intentando conserva-lo que nos distingue dos demais povos, o noso idioma. Con isto cría que non ía ter ningún problema, xa que pensaba que a xente era máis intelixente do que é, pero non, enganeime, polo que vexo algúns aínda cren que o galego é un idioma minoritario, e que a xente que o fala é paleta ou ven dunha aldea á que ninguén chegou nunca e na que todo o mundo é analfabeto. Si, si, como volo digo; e supoño que ti, lector, non eres desas ideas. Polo mero feito de comprar esta revista estas demostrando que eres máis ou menos tolerante, xa que eu sei que a maioría da xente que a compra non fala galego, pero polo menos o respeta.

Non creas que toda a xente é coma ti, noooon, unha boa parte dela é a que di cando te escoita falar galego: "Mira tú, una chica tan joven y hablando gallego" (que conste que o di con recochineo) ou "Aborrezco que me hablen gallego" e tamén cando escoitan que a túa nai te fala galego e din: "¡Oh!, y como le hablas así a tu hija", e a última xa é cando lle escoitas decir: "¡nenina, habla bien!". ¿Credes que non é verdade?, pois os galego falantes (ou polo menos eu) estamos expostos a este tipo de contestacións en calquera momento.

están a orde de día.

No momento en que ti estas soa e escoitas este tipo de contestacións, te vaixa un pouco a moral e as veces pensas ser unha persoa "normal" (como din eles) e deixar de falar galego, pero logo, daste conta de que ti eres unha persoa totalmente normal e que os anormais son os que din que non o eres por falar un idioma que non é o que eles falan. Se ti falas español, noraboa, pero aprende a respecta-las persoas que falan outra lingua, como os demais te respetan a ti, ¿ou non?

¿Algunha vez te paraches a pensar que é o máis importante?; o que penses ti de ti mesmo? ou o que pensen os demais de ti?... Se tes unha forma de pensar vai con ela por diante, orgulloso de ti mesmo e sen importarte o que pensen os demais se eres o único que fai folga o día que está convocada a nivel de Galiza en vez de facela cando está convocada a nivel de España, se esas son as túas ideas, adiante con elas... aínda que logo sexas criticado ti estarás oguloso de ti mesmo.

E se eres desas persoas que están indecisas e que non saben se falar galego ou non, non penses en que os teus amigos non o falan e que ti eres o único da túa pandilla que se ve animado a facelo, que non te importe o "que dirán" e ¡adiante! que agora xa non se mata por facelo, por sorte Franco morreu fai algún tempo, eres libre de face-lo que queiras e pensa-lo que queiras.

Pola mina parte o discurso remata aquí, agora a decisión é túa, está nas túas mans; e recorda que falar galego non está mal, ó contrario, estás defendendo algo que é teu e ninguén te pode quitar o dereito de falalo ou de te-la túa propia ideoloxía ¿vale?

Lidia P.L.

reflexións

Curto relato de Breogán

“¿Por que non podo falar galego?”

Esta historia vaivos centrar nun certo tramo da vida de Breogán, un neno labrego que os seus pais mandaron ó colexio para que polo menos soubese algo máis do que era a terra e a labranza.

Breogán, coma calquera outro neno galego, foi educado pola súa lingua, a **galega**, pero cando chegou ao colexio todo cambiou, o seu mestre non falaba o mesmo idioma ca el, pero non lle dou importancia.

Cando o mestre chamou a Breogán para que lle contara un par de cousas, este fixoo no seu idioma, coma se fose normal, pero cal foi a súa sorpresa:

–Breogán, acérquese aquí ¡¡ahora mesmo!!

Tódolos rapaces quedaron calados como se algo moi, moi grave pasara, e o que ía pasar non era grave, era gravísimo.

O mestre ergueuse ao mesmo tempo que Breogán chegaba a carón del:

–Baja los pantalones, niño.

Breogán non entendía nada, e baixou os pantalóns. O mestre sacou unha vara e mandou ao neno poñerse no seu regazo boca abaixo, e Breogán o fixo. Cando se puxo o mestre mallou nel ata que se saciou e cando o mandou mudar díxolle

–Y ahora a ver si aprendes a hablar tu lenguaje original, paleta.

E os seus compañeiros empezaron a escachar coa risa, pero calaron ó oír o que dicía Breogán:

–A miña lingua non é a que ti falas, a miña lingua é a que falo eu –e o cativo marchou correndo entre saloumiños.

Cando chegou a casa pediulle á súa nai que non o mandara máis a ese colexio, e a nai mandouno sentar para calmalo un pouco, pero Breogán non

podía, o seu cu estaba moi mallado, como para sentar nunha cadeira. Entón a nai comprendeuno todo, o neno non quería volver ó colexio porque o seu mestre lle zoupara por falar a lingua que falaba dende moi neno.

–Breogán, non fagas caso do que che digan, nin do que che fan. Non fagas caso, ti non fas nada malo, ó contrario, falo demasiado ben.

Estas palabras calmaron ó neno de seguida, pero pronto petaron na porta moi bruscamente e dixeron:

–Abra, somos la Guardia Civil.

A nai asustouse toda porque Xoan, o pai de Breo, pola mañá cedo saíra cara a cidade para mercar algunhas cousas para a terra. Abriu a porta entre mágoas. Un dos gardas civís doulle un papelino no que poñía:

Estimada señora, nos duele comunicarle que su marido, Juan Cabana Fonte, ha caído muerto en la mañana de hoy al revelarse a las fuerzas de seguridad de la Guardia Civil.

Nuestro más sincero pésame:

Cuerpo Nacional de la Guardia Civil

A nai de Breogán rompeu a chorar, e Breogán non entendía nada. ¿Por que choraba a súa nai? ¿Que puña naquel papel? ¿Que foran facer os gardas civís á súa casa?

Elvira, a nai de Breogán, decidiu marchar daquela aldea cara o exilio, cara Arxentina, e Breogán ía con ela...

Continuará

Breogán cheda das américas.

reflexións

Preparativos

É o desexo a veces disfrazado de presentimento que volveu a ti, a espera dun espectáculo menos triste e aburrido, sentado nunha silla e unha torrenteira de palabras caendo mentres imaxinas a xeografía do teu futuro. O valor da obstinación alimentada polos teus constantes preparativos de fuga. Antes de partir mirar ben no armario, un par de pantalóns, dúas ou tres camisas, algún xersei, o cepillo dos dentes, a maquiña de afeitar, imprescindible algún libro. A tua bolsa de viaxe que nunca se acaba de facer porque nunca se desfai de todo. Ensaíache incluso o apropiado rictus de expectación e nostalxia, os teus ollos que tremen entre o abandono e a dúbida. Sabes cal é o primeiro paso, non tes problema porque xa o diches mil veces.

E agora estás baixo unha marquesiña azoutada polo vento, subindo a un tres baleiro, acodado na baranda dun barco que se alonxa. Ves unha multitude que axita os seus paniños brancos, como unha bandada de gaivotas que se vai facendo diminuta. Deixas un racimo de bicos no aire. E atesouras as tuas mellores intencións, pequenos rebotes das túas traicións.

Así, sen mirar atrás, vaste internando na néboa.

A viaxe comezou entón a debuxar o seu labirinto, e atravesando ríos e montañas atópacheste ao fin coas fronteiras do teu propio corpo, como un explorador das profundidades. Viches como as maiores promesas eran só o envoltorio dos máis enoxosos trámites, non sabes de qué outro xeito conxugar o verbo *desenganar*. E o presente, invadido polo xogo perverso da memoria e do olvido, deixou de ser un reino imperturbable. Demasiado a miúdo sentícheste hóspede dunha habitación na que de pronto apágase a luz.

Anque debes recoñecer que tamén a luz, ás veces, sorprende a tua escuridade, e sabes agradecerlo.

Recorrendo o mundo acabas por ser un mundo en miniatura, cos seus espacios ociosos e os seus buratos negros, todo o que puido pasar e non fuche capaz de soportar, as vidas que non viviche.

As paisaxes que atravesas, embaucadoras ou inhóspitas, van deixándote as súas pegadas. Pero sobre todo gústache que sexan insospeitadas. Que tracen nas túas vísceras un signo de admiración. Anque a viaxe cecais se pareza demasiado a un xogo, pois ves cómo o teu esforzo é tantas veces castigado, e así ata que o azar acaba por sorrirte dende o fondo da túa indolencia. Unha especie de xustiza poética que non consta en ningún regulamento.

Es un corredor de fondo con nostalxia dunha patria cuio único nome posible é *fuga*.

E así chegas a unha estación de tren, sentes o vento na faciana mentres descendes pola escaleiriña do avión, alónxaste da parada do bus para confundirte entre a xente, dis adeus ao barco despois de abandoalo. A túa viaxe está chea de pequenas aventuras. Anque cada vez faise máis difícil distinguir o teu vagabundeo por terras estranxeiras dun puro e simple regreso.

Porque, agora o sabes, o tempo é coma un látigo, anúnciase con estrépito e despois deixa un prolongado eco, pero produce unha dor xa case inexistente. e todo, todo resúmese nese anuncio, nesa dor, e tamén nese eco.

Como o resplandor do disparo que convirte unha comedia romántica nun drama.

Juan Carlos F. Naveiro

PARTICIPA CONNOSCO



***Envía os teus traballos, de calquera das
seccións da revista, pra o vindeiro nú-
mero.***

(Nº 8. Día das Letras Galegas)

Asociación de Estudiantes por Galiza
Instituto de E. S. de Mugardos
Rúa do Cristo s/n
15620 Mugardos, A Coruña

buzón do estudante

Antroidada

Non sei como comezar a falar do que aconteceu este ano na organización do entroido no instituto.

Levo uns cantos anos aquí, e nunca vin unha celebración tan mal organizada como esta; ¿onde están os concursos de disfraces? ¿onde están os premios? ¿e os grupos? Aindarecordo que fai uns anos tínhamos animacións musicais en todas ou case toda-las celebracións, creo recordar que estes eventos os organizaba a A.E.G., ¿porque entón, non piden os delegados a colaboración da A.E.G. para taer grupos? Si eles están máis postos neste tema, repartide o traballo. Eu creo que non se trata de quen o fai mellor ou peor, senon de organizar unha soa cousa o mellor posible, e penso que desta forma os delegados non están conseguido moito.

Penso tamén, que hai que facer máis publicidade, xa que moita xente (e incluíme eu) non se disfrazou ese día porque non veu ningún tipo de interese por parte de ninguén, nin profesores nin alumnos; ¿onde van eses grupos de mestres que se disfrazaban case tódolos anos e que facían tan entretida a mañá do entroido? E falo de Begoña, M^a José, Juan Carlos,... que sempre nos sorprendían cos seus disfraces. E o mesmo digo dos alumnos, que este ano, non contei máis de dúas persoas disfrazadas.

Non fai tanto, unha boa parte dos alumnos se disfrazaban con calqueira cousa para así poder vacilar a profesores e alumnos, ou tamén se xuntaban uns cantos disfrazados e componían cancións de escarnio referentes a todo o que acontecía no instituto.

Recordo tamén que se

organizaban concursos ó mellor traxe, ó máis simpático, o máis orixinal, a canción máis significativa,... ¿Onde van esas iniciativas por parte dos organizadores? Está claro que se eles non lle poñen gañas á organización, non vai a saír ben, e se cren que non saben facelo (e volvo ó de antes) que pidan consello ou axuda a outras persoas, que esto non quere dicir que eles non saben organizar, senon que se interesan por algo que se leva facendo moito tempo, e que cada ana ten que ir a mellor, non a peor, como pasou neste entroido.

A verdade é que eu son das persoas que, nestas datas, sempre era das últimas en irse, e este foi o primeiro ano que, á hora e media, xa estaba ata o cu e me fun para casa. E coma min, outros moitos.

Con isto non intento baixarlles a moral ós organizadores, o único que intento dicir é que se non hai organización nin gañas, as cousas normalmente non saen ben, e iso foi o que pasou.

Agora simplemente espero que o próximo acontecemento, esté mellor organizado que este (non será moi difícil)

Asinado:

Sen rencor



buzón do estudante

Horarios...!

É case unha obriga para min contarvos do que puiden enteirarme no último Consello Escolar.

Ben, todo comeza cando, despois dunha serie de aprovacións de temas, como por exemplo poder saír de clase á biblioteca nos exames mentres haia un mestre de garda, comezamos a comentá-los resultados da primeira avaliación, e unha profesora, Pilar Garabana, para ser exactos, dixo que moitas veces non era que unha asignatura se suspendese por ser máis ou menos difícil, senón que aumenta a dificultade polas horas nas que se da a materia. Non é igual dar Inglés a primeira hora ou segunda hora que dalo a última da mañá, tanto para os alumnos como para o profesor faise máis difícil e neste tema ela tiña moito que falar xa que este ano tocoulle dar Inglés en COU 2, os tres días que o teñen, nas dúas últimas horas, ¿podéde-lo crer?

Xa é difícil dar e aguantar unha clase duns trinta alumnos e que os alumnos aguanten ó profesor, como para ter que dar tódolos días a clase a última hora e aínda encima unha asignatura como Inglés, que a quen máis quen menos sempre se nos atraganta, e máis a última hora.

Alí falouse de que as clases que eran comúns (porque en COU 2 están mesturados so de letras e os de ciencias) só se podían poñer a esas horas, que non había outro remedio, e a min dame a risa e preguntome de novo, ¿por que non repartímo-las persoas cada unha coa súa opción ou polo menos coa opción na que as clases sexan máis compatibles?, ¿é que non nos damos conta de que a opción que escollamos en COU é decisiva?

E desta vez teño que poñerme do lado desta profesora e darlle a razón. Está é un problema de todos e hai que arranxalo para que non volva a acontecer.

Lidia Pena Leira.



!!! Matemáticas!!!

Alguén deste Instituto creu aprender unha serie de coñecementos matemáticos ó longo de todo o bacharelato, pero neste curso alguén quere facer ver que todo o aprendido non serve de nada, posto que todo o que fan é insuficiente ou, no peor dos casos, totalmente erróneo, chegando incluso a ridiculiza-lo método empregado por outros mestres de matemáticas.

Tamén resulta estrano que cando lle preguntan unha dúbida non a saiba respostar ou que diga que non ten gañas de explicala, pero quizais o peor sexa que poña en dúbida tantas veces o método que aplican nos exercicios, cando ese método sempre deu resultado.


Como xa apareceu na anterior revista, habería que facer un alto no camiño e intentar abrí-los ollos ós profesores que non se dan de conta de que o curso de COU é como unha clase particular para aprova-lo Selectivo e que temos que leva-las asignaturas ben explicadas para aprobar e poder acceder á carreira que se quere facer, de forma que con profesoras como esta, non imos chegar moi lonxe.

Eu o anónimo.

As raíces de Galicia

O poboamento máis antigo da Nosa Terra data do período **Paleolítico** con achados datados hai máis de 30.000 anos. A partir deste período sucédense aquí outros apartados culturais semellantes aos de outros países do noso entorno europeo. Un dos períodos máis fértiles materialmente é o **Megalitismo**, que deixa en Galicia testemuños como son as mámoas, antas, pedrafitas, etc. en cantidades que superan os 3.000 exemplares.

Sucédelle a esta etapa cultural os diversos períodos dos metais: o Bronce e o Ferro.



Archivo Fotográfico Oronoz

O castro de Santa Tegra, en Ponevedra

Pero será a finais desta Idade do Bronce (s. IX-VIII a.C.) Cando nos territorios que hoxe se chaman Galicia, Asturias, León, Zamora e Portugal, xurde unha nova cultura: a **Castrexa**.

Chámase así porque o seu asentamento característico é o castro: aldea fortificada e situada en lugares estratéxicos de doada defensa.

A orixe desta cultura está na Idade do Bronce e tamén en xentes europeas de orixe céltica que en número non moi numeroso xúntanse cos habitantes destes territorios.

Aproximadamente a duración desta civilización dátase en 1.000 anos (s. VIII a.C.-II d.C.).

A **sociedade castrexa** estratíficase en: familia, castro e populus. A familia considerada de xeito amplo: tíos, curmáns e parentes lonxanos. Nun castro vivían varias familias; existen castros nos que residían 50 persoas e outros nos que a habitaban varios centos.

Un territorio poboado por varios castros era o que se chamaba 'populus'. Existían numerosos 'populus': **Ártabros**, na zona que estaba entre A Coruña e Ferrol; **Brigantinos**, **Grovios**, **Limicos**, etc. Estes 'populi' deron lugar posteriormente ás comarcas galegas: Bergantiños, Limia, etc.

A **economía na cultura castrexa** baseábase na gandeiría, agricultura e pesca e marisqueo. A gandeiría era o ben máis preciado e existían numerosas rencillas entre castros e saqueos e roubos que tiñan por fin apropiarse do gando dos veciños.

A agricultura era de subsistencia e, polo tanto, os excedentes non eran abundantes.

O comercio era importante, sobre todo o local. Reuníanse en feiras onde se trocaban os produtos agrícolas e gandeiros. Estas feiras organizábanse en lugares estratéxicos como nudos de comunicacións entre castros.

Existen tamén referencias de un comercio marítimo, sobre todo con pobos máis avanzados economicamente da zona mediterránea.

A **arte castrexa** é polo xeral tosca. Abundan as esculturas de guerreiros e de verracos, así como os

Na Idade do Bronce xéstase o que será un dos xérmolos da nosa Historia: chega a haber importantes intercambios comerciais marítimos con outros pobos costeiros de Europa e parece ser que chegan xentes europeas, inda que non moi numerosas, que se unen á poboación que xa vivía na Galicia e que son os descendentes dos constructores dos megalitos.

A sociedade desta época é guerreira e os seus símbolos e esceas da súa vida grábanse nas rochas: son os petroglifos.

nós

relevos de figuras xeométricas: trisqueis, espirais, labirintos... que se colocaban nas casas. A artesanía ten unha tradición que xa ven da Idade do Bronce, ademais agora esta tradición mestúrase con outra de orixes centroeuropeas e mediterraneas: os torques, pulseiras, arracadas, etc.

Relixión. Os castrexos non tiñan escritura e os datos que sabemos deles, aparte dos que proporciona a arqueoloxía, veñen de historiadores romanos. Así, **Strabón** dí que os pobos do Norte da Península eran 'ateos'. Referíase a que non tiñan representacións en imaxe dos seus deuses, como era o caso dos romanos. Os castrexos adoraban ás forzas da Natureza: as augas, as fontes, os montes e sobre todo aos deuses dos camiños, os chamados **Lares Viales**, ou divinidades protectoras dos viaxeiros e camiñantes. Aos deuses se lles ofrecían sacrificios de animais: porcos, cabalos, cabras, vacas.

A conquista. No ano 137 a.C. Bruto nunha expedición contra os lusitanos, avanza cara ao Norte e atópase nas terras do Douro cun pobo: os galaicos. Este foi o primeiro encontro entre as dúas culturas: a romana e a castrexa. Os romanos pensaron que todos os pobos máis ao Norte do Douro eran tammén galaicos e déronlle ese nome ao territorio do Noroeste de Iberia: **Galicia (Gallaecia)**. En realidade os galaicos non eran máis que un dos 'populi' da cultura castrexa.

Os romanos viñeron a Galicia en busca de ouro, que certamente era abundante na zona oriental. Non deixaron restos de construcións públicas como noutras zonas da Península (teatros, anfiteatros). O único que deixaron, en canto a construcións, relaciónase co mundo militar: campamentos, vías de comunicación para traslado rápido de tropas, fontes...

En Galicia non houbo grandes combates épicos, o episodio de **Monte Medulio** cítase como algo **lexendario** e inda non se sabe certamente a súa realidade e mesmo a súa localización xeográfica. Cando a conquista definitiva da península por Augusto no 19 a.C. as guerras sitúanse en Cantabria.

Gallaecia non tivo unha forte romanización: os romanos non tiñan maior interés nese aspecto e o único que lles preocupaba era obter a máxima cantidade de ouro posible e que os habitantes pagaran os impostos.

En 200 anos os romanos obtiveron da Gallaecia 1.500.000 quilos de ouro, que embarcaban en **Brigantium** (A Coruña) cara a Roma. Para os fins económicos os romanos fixeron tres vías na Gallaecia: XVIII, XIX, XX, partían de **Brácar** e ían cara **Astúrica** pasando por **Iria**, **Lucus**; ou **Ourense**, ou ben pola costa cara a **Brigantium** e **Lucus**.

Os castros seguiron estando poboados ata ben entrada a **Idade Media** e mesmo construíronse moitos en plena romanización.



As vías da Hispania Romana

Pero xa nada sería igual. Pouco a pouco a poboación castrexa e máis a romana (soldados establecidos na Gallaecia) vaíse mesturando e adaptándose uns a outros. Moitos galaicos son reclutados polo exército romano e forman agrupacións propias dentro do exército con xefes e insignias propias e loitan nos diversos territorios limítrofes do Imperio.

A nova poboación galaicoromana vai ter unha economía agrícola e gandeira máis evolucionada ca castrexa e dará orixe a unha forma de estruturación do territorio que vai permanecer inda ata hoxe na Nosa Terra.

A sociedade galaicoromana será o xérmolo da Galicia actual.

Xan Carneiro.

solidariedade

O Curdistán.

Muito se fala dos curdos estes días, un pobo que saltou á "fama" e aos medios de comunicación grazas a unha iniciativa do Parlamento basco de cederlles ao goberno curdo no exilio as dependencias da cámara basca para facer unha asemblea.

O goberno criticou a postura dos bascos, pois dicían que a economía hespañola podía resentirse, e que non se podía dar refuxio a un grupo de terroristas. Coido que antepor á vida dun pobo uns simples intereses económicos é moi forte, tan forte como chamarlle terroristas aos curdos, que o único que fan é defenderse dun xenocidio asasino, dos ataques de Siria, Turquía, Iraq... defender a súa poboación civil dos envelenamentos dos ríos, dos fusilamentos... nunha palabra, defender as súas señas de identidade curda. E desgraciadamente nos ouvidos dos rapaces non soan as condeas da opinión internacional, senón os disparos dos M-16.

O Curdistán.

O Curdistán é un vasto territorio montañoso, rico en minerais e auga e cun subsolo rico en petróleo. Ten unha extensión de 410.000 km², ocupa o Sudoeste de Turquía, o Noroeste de Irán e o Nordeste de Iraq e de Siria. O Curdistán de territorio iraquí comprende a rexión petroleira de Kirkuk.

Habitantes.

Hai sobre uns 22 millóns de curdos repartidos así: 11 millóns en Turquía, 6 en Irán, 4 en Iraq e 1 millón en Siria. Empregan unha lingua non árabe pertencente á familia das linguas persas do Noroeste, pero mentres que as partes turca e siria empregan dende o século XX o alfabeto latino, os curdos iranianos e iraquís empregan o arábigo adaptado. Isto e a existencia de tres dialectos (gorani, kurmanjí e o curdo oriental) fan difícil a comunicación intercurda.

A poboación curda é na súa maioría musulmana ortodoxa, tamén ten as súas minorías relixiosas que son a escola halevi en Turquía e, sobre todo, os fezidí, relixión non musulmana que incorpora crenzas do antigo Irán e que foi perseguida tanto polos curdos musulmáns como polos otománs.

Historia dun conflito.

Cando os otománs conquistan o Curdistán non século XVI crearon unha rede clientelar de pequenos señores feudais que competían por gañar o favor do Imperio. A sociedade curda baseábase na agricultura e se tiña unha opinión dos curdos de pobo salvaxe e guerreiro. O Curdistán foi ata o século XIX un reducto de educación islámica. A finais do

XIX a *intelligentsia* iniciou un nacionalismo contra o poder corrupto otomán e contra os xeques curdos que o atacaban. Despois de que caera o Imperio Otomano case todo o Curdistán quedou baixo dominio británico, producíndose conatos de rebelión polas dúas partes. Desta situación estableceuse o **Tratado de Sivres** (1920) que recoñecía o dereito do pobo curdo á autonomía e mesmo á independencia, mais o **Tratado de Laussane** (1923) anula esas disposicións. Comeza así o "problema" dos curdos con Turquía. Esta prohibe o ensino da lingua curda e deporta aos xefes e intelectuais fora do país. As revoltas curdas sucédense e hai vítimas por milleiros.

Despois do final da II Guerra Mundial o Curdistán iraní quedou convertido nunha zona neutra entre a URSS e a área británica. Os curdos proclamaron aí a **República Democrática Curda de Mahâbad** (1945), con apoio soviético, que foi derrocada no 1946 por tropas iraníes e británicas. O movemento curdo quedou debilitado e padece todo tipo de ataques dos estados veciños: turcos, iranianos, sirios...

Créase no 1945 o **Partido Democrático do Curdistán** (PDK) co seu líder Banzani e, tras conversas co Partido Comunista e outras forzas de esquerda, reclaman unha República Ceibe. A caída da monarquía no 1958 dirixida polo partido nacionalista árabe *Baath* frea as aspiracións nacionais curdas iniciándose no 1961 unha guerra de defensa.

O goberno baathista acordou no 1970 con Banzani establecer unha zona autónoma curda. Catro anos de conversas, diverxencias sobre os límites territoriais e a oposición de países como Irán, EEUU ou a URSS determinou o fracaso desta tentativa, reanudándose a guerra no 1974. Nesas datas xurdiu a **Unión Patriótica do Curdistán** (PUK).

Converxen o PDK e o PUK e créase a **Fronte do Curdistán**. A revolución jomeinista foi seguida dunha guerra entre Irán e Iraq que durou oito anos (1980 a 1988), mais o armisticio de agosto de 1988 deixou as máns libres a **Sadam Hussein**, que destruiu en dous anos por medios químicos case todas as cidades curdas de tamaño medio. Os partidos da esquerda en Turquía, que negaban a existencia do pobo curdo, empezaron nestes anos a buscar unha solución ao problema. Créase o **Partido dos Traballadores do Curdistán** (PKK) de tendencias marxista-leninistas pero non prosoviético.

O golpe militar turco de 1980 rematou con case todos os superviventes. Os seus dirixentes -entre eles Ocalan- fóronse ao Líbano, onde entraron en contacto coa resistencia palestina. O PKK creou no 1984 unhas Forzas

Armadas para a liberación do Curdistán (HRK) que atacaran Turquía. O goberno turco cruzou a fronteira co acordo de S. Hussein de destruír as bases do HRK e creou no Curdistán turco unha superprovincia militarizada (1987). A represión brutal non serviu máis que para aumentar a influencia do PKK no seo das masas curdas. No 1988 escindiuse o Partido Social-Demócrata e crearon o Partido Socialista do Pobo (HEP) ao que o goberno turco acusou de ser o brazo político do PKK.

Despois da Guerra do Golfo a Fronte do Curdistán chegou a un acordo sobre a formación dun goberno curdo provisional. Houbo algunhas revoltas e isto provocou unha masiva fuxida de refuxiados, obrigando ao Consello de Seguridade da ONU a intervir polos curdos. Baixo a súa protección celebráronse, en maio do 1992, unhas eleccións de onde emanou un parlamento curdo a partes iguais entre o PDK e o PUK.

Despois de varias revoltas provocadas polos turcos condearon aos parlamentarios curdos por separatismo e colaboración de terrorismo, estoupando en 1992 unha nova insurrección. Dende entón as vilas curdas son bombardeadas con napalm, empréganse gases asfixiantes e ácido sulfúrico contra a poboación civil; destrución das colleitas, envelenamento dos ríos e cursos do auga, etcétera. Os dirixentes curdos padecen detencións, torturas, cárcere, fusilamentos.

Aproveitando o conflito aberto entre o PDK e o PUK no 1995, Turquía lanzou unha ofensiva, cruzou de novo (malia a oposición da UE e do mundo árabe) a fronteira de Iraq coa fin de limpar o Curdistán iraquí de guerrilleiros do PKK e crear así unha zona de seguridade estábel, obxetivos estes que aínda hoxe non conseguíu.

Non podemos máis que admirar o tesón do pobo curdo e a súa perseverancia na loita contra a persecución cultural e lingüística para aniquilar as súas señas de identidade. Agora complicase a situación coa detención do seu líder Abdalá Ocalan (17-II-1999) nunha escura manobra na que están implicados os servicios secretos do MOSSAD israelí e a CIA dos Estados Unidos. A oleada de protesta da diáspora curda en toda Europa xa se cobrou 3 mortos e

Martín
16 de febreiro de 1999

Extranjero / 2

Atenas niega que haya recibido esa solicitud Dos kurdos se prenden fuego para que Grecia conceda asilo a Ocalan

Dos refugiados kurdos resultaron heridos tras prenderse fuego ayer frente al Parlamento de Grecia, en demanda de asilo político para el líder del Partido de los Trabajadores del Kurdistan (PKK), Abdalá Ocalan. El Gobierno de Atenas desmintió ayer que Ocalan hubiera solicitado asilo. Una petición similar ha sido enviada también a las autoridades de Rusia.

ATENAS. Ee

Los dos jóvenes, que se rizaron con gasolina y se prendieron fuego cuando la Policía trató de dispersar a un centenar de kurdos que comenzaron una huelga de hambre frente al Parlamento, fueron trasladados de urgencia al hospital tras la intervención de sus compatriotas, que lograron apagar las llamas.

Pocas horas antes, los manifestantes recorrieron las calles de Atenas para reclamar asilo para su líder y cinco de ellos fueron detenidos tras enfrentarse con las fuerzas del orden.

Mientras, otros quince se amaron a la huelga de hambre ante las puertas del Ministerio para Macedonia y Tracia, en Salónica (norte de Grecia).

Por otra parte, más de 300 refugiados ilegales kurdos se encuentran retenidos en autobuses desde la madrugada de ayer, a la espera de que las autoridades griegas decidan dónde albergarlos, tras ser desalojados por la Policía de una plaza céntrica de Atenas en la que acampaban desde hace casi un año.

Los altercados coinciden con la publicación el domingo de un comunicado de la representación del Frente de Liberación Nacional del Kurdistan (ERNK), en el que se solicita el asilo político en Grecia.

«No ha habido petición oficial por parte de Ocalan», declaró ayer el portavoz del Gobierno griego, Dimitris Repas, y añadió que «no deseamos



Los kurdos sirven comida en Atenas tras recibir de gasolina y prenderse fuego.

que lo haga ya que creemos que se contribuirá de forma positiva a una solución al problema kurdo.

Grecia ha sugerido iniciativas para que la Unión Europea adopte una postura común en el asunto Ocalan.

El ERNK también ha pedido formalmente asilo político en

Rusia para Abdalá Ocalan, según informa la agencia Interfax. La petición se ha enviado tanto al presidente ruso, Boris Yeltsin, como al primer ministro, Yevgeni Primakov.

Ocalan permaneció en Rusia a finales del año pasado tras haberle negado la hospitalidad Siria, país que tuvo que com-

prometere en octubre pasado a expulsar a los guerrilleros del PKK de su territorio para superar la crisis que la había llevado al borde de un conflicto armado con Turquía.

Por el momento se desconoce el paradero de Abdalá Ocalan, desde que abandonó Italia hace dos semanas.

más de 100 feridos ao intentar ocupar os curdos a embaixada de Israel en Berlín, así como outras embaixadas en todo o mundo, disturbios en Estambul, inmoiacións diante do Parlamento de Grecia, folgas de fame, revoltas nas cadeas turcas ateigadas de curdos, todo para pedir asilo político para o seu Parlamento e o seu líder e para denunciar o réxime turco, represivo e negador de dereitos fundamentais do pobo curdo. Agardo que polo menos non lle apliquen a pena de morte a Ocalan.

O goberno hespañol, como xa dixemos ao comezo, pon os cartos por riba de calquera actitude humanitaria e de xustiza e os turcos, para demostrarlle a Aznar -o seu socio económico- que o lider dos curdos terá un "xuízo xusto", xa lle denegaron a entrada en Turquía aos avogados holandeses de Ocalan, coa protesta de toda Europa e a condea de Amnistía Internacional.

E para rematar, unha pregunta ao goberno hespañol: nunha guerra sen declarar, que é o que acontece no Curdistán, ¿quen é máis terrorista, os oprimidos-curdos ou os opresores-turcos?

Anónimo

irmmandade

IV Concerto de Solidariedade.

Boas, compañeir@s da A.E.G.
Como xa anunciamos no anterior número, a Asociación Cultural Treme a Terra argallou en Pontedeume o IV Concerto de Solidariedade que este ano se adicou ao pobo cubano.

Un ano máis organizándoo con moita ilusión e moito traballo, traballo que se viu recompensado pola presenza de milleiros de amigos chegados dende moitos puntos do noso país, tanto dende Vigo coma da Coruña, Betanzos, Lugo, Ferrol, Bezoucos e outras vilas e cidades.

Dende primeiras horas da mañá o traballo na polideportiva foi intenso, queríamos deixar todo listo para cando empezaran as probas de son e, case sen decatarnos, empezou a chegar xente e os grupos. Neste intre foi cando percibimos o ambiente que teríamos ao longo da noite, pois había cantidade de xente escoitando as probas a primeira hora da tarde e aínda faltaban cinco horas para o comezo do festival!

Despois das probas e coa noite enriba ofrecémoslles aos grupos e colaboradores unha cea antes de comezarmos o concerto, na cal non faltou de nada e foi do agrado de tod@s @s alí presentes.

Entrando xa no que foi o concerto, dicir que comezou cun pequeno retraso (case que habitual en todo concerto que se prece).

O primeiro grupo en tocar foi Atahide, grupo folk de Pontedeume, que levantou moitísima expectación pois era a primeira vez que tocaban na vila e había moitas gañas de velos en directo. No momento da súa actuación a pista de fútbol-sala estaba ateigada de xente, á que non defraudaron. Fixérono moi ben, gustándolle ata aos raparigos que bailaban diante do escenario as súas muiñeiras.

Os segundos en subir ao palco foron os Discatocan coa súa sección de ventos que foi -penso eu- o que máis gustou. Deixaron un moi bo sabor de boca coas súas letras e posta en escena. É un bo grupo e esperamos que saque un CD axina.

Os Nen@s da Revolta presentaron o seu traballo *Raggaliza dissidente*. A revolta dos nenos foi contundente nas súas mensaxes e na súa maneira

de actuar, mesturando nun repertorio estilos musicais tan variados como o rap, salsa, rock, ska... Temos que dicir que foi un grupo que coma o resto apoiaron sen ningún tipo de dúbida esta iniciativa, o cal agadecemos dende aquí.

Para rematar este breve repaso aos grupos, os derradeiros en subir foron os Inadaptats, música combativa dende os países cataláns. Tamén presentaron o seu terceiro traballo *Motí i avalot...* (motín e disturbio), tal vez con Atahide o grupo que máis esperaba a xente, gustaron moito e como persoas deixaron unha moi boa impresión ¡Gracies!

En resumo, o nivel amosado polos grupos participantes neste IV Concerto foi excelente e pensamos que será moi difícil de superar en vindeiras edicións.

Facendo un balance xeral, temos que dicir que foi un éxito total tanto económico (cubrindo as nosas expectativas) coma de participación, gracias á gran resposta amosada pola xente desta vila.

Pero queridos compañeiros, non todo son novas positivas. Como todos sabemos, alguén aproveitou este evento musical para realizar actos vandálicos ou incívicos pola vila, actos que por suposto non son compartidos pola nosa Asociación.

Estamos a falar das pintadas que apareceron pola vila. Este feito foi aproveitado polos nosos detractores para intentar criminalizar a nosa asociación, un acoso sistemático ao que colaborou o 'xornal' *A coz de Galiza* sacando noticias que non se axustaban á realidade, falando única e exclusivamente do negativo, sen contrastar opinións e sen falar do concerto para nada, a non ser para atacarnos.

Censuraron cartas que mandamos a este 'xornal' para poder expresar a nosa opinión dos feitos, e así pór as cousas no seu sitio. Nós somos os menos interesados en que isto acontecera, polos prexuízos ocasionados tanto a particulares como ás institucións. A solidariedade non ten nada que ver con xentes que se adican a facer pintadas polas rúas e así o dixemos en varios medios de comunicación.

Unha man negra dende o Concello encargouse de

irmmandade



manipular con información partidista a opinión pública, conseguindo que só se fale do concerto e de nós de xeito negativo; incluso pode que haxa xente que pense que este Concerto de Solidariedade é un grave perigo social porque non pactamos co establecido, porque nos gusta outro tipo de música e porque non queremos ser un produto consumista na sociedade, sociedade individualista que só pensa en si mesma, fechando os ollos para non ver o desagradable ou o que simplemente non interesa ver.

Para nós estas manifestacións de solidariedade son moi importantes porque demostramos ter ideas propias e expresalas é un sinal de intelixencia, pero poida que sexa, máis que nada, unha necesidade vital. Para min polo menos o é.

Detrás de todo este acoso agáchase un fondo social que de ningún xeito tinguiremos de xenreira, senón de traballo e loita internacionalista cara ao respecto entre os pobos do mundo.

Quero falar tamén da exposición fotográfica que houbo do 7 ao 15 de xaneiro nos baixos do Concello de Pontedeume "Alguén agarda que volva alí", de Maribel Longueira, unha visión persoal da vida da Habana, acompañada de textos de escritores

colaboradores. Esta exposición tivo unha afluencia de visitantes moi alta, chegan algúns días ás 300 persoas.

Este ano en canto á recollida de material non funcionou tan ben como noutros anos e por iso ímola ampliar en tódolos institutos e colexios da bisbarra dende o día 9 de febreiro ata o 5 do marzal en colaboración con a O.I.X. de Pontedeume. Lembrade, tanto material escolar como leite en pó ou condensada, alimentos non perecedeiros e medicamentos é o que precisamos para mandar a Cuba.

Para terminar lembrar as verbas do abó aos seus netos que dicían así: neniños, sodes bos e xenerosos, intentade e transformade esta sociedade que vos é ben ruín.

A todos moitas gracias e ata a vindeira ocasión.

Naska Kalasnikov.

Colaborador da A.C. Treme a Terra

natureza


Animais ó pescozo

Bisón. Ó escoitar esta palabra o corpo estreméceseme e a miña furia sae a relucir. é, de feito, ¿non é un atraño vestir cn peles hoxe en día, que nos atopamos no mundo de alta costura e os tecidos sintéticos?

Esta frase podería ser unha forma de convencer a esas estúpidas señoritingas, das cales as súas vidas xiran en torno a un animal morto. Si, non sería mala idea darlles este tipo de argumentos, quizais sentirían que o seu vestuario non estaba á moda e cambiaran de idea. Pero as cousas non se solucionan tan facil, e aínda que non poño en dúbida que o seu intelecto sexa da nivel O, os abrigos de bisón son unha costume adquirida dende fai moito tempo, e non será doado facerlles cambiar.

O que nunca logrei entender, é como poden levar colgado ó pescozo un animal, coa súa cabeciña e ollos tristes observándoas todo o día. ¿Que se sentirá ó saber a morea de animais que morren pola túa culpa e duns cantos coma ti? O certo é que nunca sentín algo parecido e espero non chegar a probalo, pero se algunha vez perso a cabeza e o fago, pídvos que o que me vexa e se atope preto me faga entrar en razón.

Pero o que máis me reventa de todo, é a fachenda que levan e os aires de grandeza que se dan mirándote como se foran máis ca ti



simplemente polo feito de levar colgado un animal; xa me diredes se eso ten sentido, pois eu síntome moi orgullosa de poder levār ó meu carón ó meu can de raza indefinida e poder xogar con el, ¿de qué me serviría se estivera morto? ¿Acaso fai compañía un abrigo de bisón? Pois non sei que pensar, quizais ata hai algunha que xoga e fala co seu abrigo.



E, como non, o máis vergoñento de todo, é cando en plena rúa, dúas cincuentonas co pelo rubio platino, páranse diante dun pobre pedindo para comer e morrendo de frío, e comezan a comentar o maravilloso que é o seu bisón e a estola que leva colgando, canto abrigan e o ben que sentan; logo sen máis, botan de novo a camiñar e mirando ó pobre con desprezo e desconfianza, sin sentir no corazón unha pizca de solidariedade, seguen camiñando mentres marmuran polo baixo: "Que trabajen, que son unos vagos".

Con todo o dito, vou rematando xa, que por destraga-lo papel fago que se talen máis árbores; e só espero que cando chegedes a cincuentones esteades namorados dos tecidos sintéticos.

Gloria.

deportes

Club Balonmán Mugardos



■ Balonmán?, si home, eso ó que xoga o 'Urdangarin' ése. Pois diso mesmo vos vou falar eu agora.

Son xogadora do Club Balonmán Mugardos (Soa ben... ¿eh?), pois ben, vou aproveitar esta oportunidade que me guindou a **A.E.G.** para contar un pouco os triunfos deste clube e as expectativas de futuro que temos nel.

Este ano, os dous equipos que compoñen este clube (Un sénior que xoga na **2ª División Nacional**, e un xuvenil), están, por dicilo dalgunha forma, que 'se saen'.

O equipo de 2ª está situado nos postos da cabeza da Liga, logo de gañar 12 partidos, empatar 1 e perder 2. **Esto** é todo un logro tendo en conta que temos posibilidades de ascender á **1ª División Nacional** se quedamos primeiras na competición.

O equipo xuvenil está tamén de noraboa, xa que vai participar no **Campionato de España**. Proximamente xogamos o primeiro partido da Primeira Fase deste Campionato (a fase Autonómica) e se saímos vencedoras proclamaremonos campioñas galegas, con posibilidade de seguir competindo e chegar ó Campionato Nacional.

Esta participación no Campionato de España é a cuarta consecutiva e está precedida dun terceiro posto na tempada 96/97, un 2º posto na 97/98 e, polo tanto... deberíamos ser primeiras este ano, ¿non é?

Chegar ata aquí é o resultado dunha Liga na que resultamos case invictas (de feito só perdemos un partido) e na que acadamos 14 puntos conseguindo proclamarnos campioñas da Zona Norte (Lugo e Coruña) por terceira vez consecutiva.

As nosas expectativas cara ó campionato son boas, é dicir, confiamos en poder gañar e así pasar á Segunda Fase.

Penso que tódalas xogadoras estamos desexosas de poder gabarnos de ser campioñas galegas, e tanto máis de España; e tamén de darlle esa satisfacción a toda a xente que nos apoiou, tanto dende as gradas (aínda que podería ser máis... ¿pillalo?) Coma dende dentro do propio clube.

Ogalla sexa así.

Vero 16.

cine

A fin da terra, a fin do silencio.

Xa era hora, parece que a industria cinematográfica decidiu poñerme doado o escolle-ló tema da sección de cine galego. Porque, aínda que non o pareza, teño que facer números para atopar un feito interesante e á vez actual referido ó cinema da nosa terra. Sempre podo botar man, coma no número anterior, da escasa historia, pero non me gusta facelo porque teño a impresión de que vos aburro. Pero esta vez non é así porque hai en cartel unha estrea con denominación de orixe galega: "Fisterra".


Supoño que os que vos interesades polas grandes pantallas xa teredes noticias dela, é a segunda incursión nas longametraxes do seu director Xavier Villaverde. A primeira foi a película 'Continental', que fora estreada na mesma época que 'Sempre Xonxa', so que ó éxito desta última fíxolle sombra á outra. Este primeiro traballo de Villaverde eu non tiven oportunidade de velo aínda, pero o que agora se estrea si.

A historia vai sobre dous irmáns fillos dun matrimonio hippie, que pasan a súa infancia na Costa da Morte, unha infancia marcada pola fuga do pai, cuia busca os obsesiona xa na vida adulta.

Eu, persoalmente, espero máis do cine en Galicia, e mesmo deste director. Vin varias curtametraxes da Escola de Imaxe e Son do pasado ano e do 1997 e temos unha xente cun potencial enorme; así o demostra 'Coruna Imposible', ou Coira, o director de 'O Matachin'.

Por iso cóstame criticar á ata agora máis arriscada produción galega, porque eu non quero animar a ninguén a non vela, ó contrario, é un deber voso ir vela se de verdade vos gusta o cine e desexades que prospere eiquí. O que nos sobran son imaxinación e ideas e o que faltan son cartos, e si habedes de gastar cen pesos en irdes ó cine, mellor que o fagades nunha produción autóctona que nunha 'americanadita' (léase superproducción estilo 'Titanic').

Como xa dixen non é das mellores películas que vin (aínda que vendo a carteleira ultimamente é bastante de agradecer) pero como toda película



Xavier Villaverde

medianamente boa vos aportará algo, co engadido de que vós tamén aportades á nosa cultura e á nosa industria do cine.

A.C.G.P.

música

O grande fraude do rock'n'roll. (e II)

Haberá que explica-lo último artigo publicado nesta revista neste mesmo apartado, xa que semella que provocou algunha que outra crítica e incompreensión por parte dos nosos benqueridos lectores.

Que digo eu que tampouco semella moi confuso o panorama musical actual como para non darse de conta de que cada vez máis grupos elixen o inglés pra compoñe-las súas cancións. A min isto paréceme algo moi triste porque penso que a letra nunha canción habería de ser, cando menos, o 50%, inda que pra min é, en realidade, algo máis. E sendo isto así non comprendo como grupos de Coruña, Alcorcón ou Villarrobleados de la Alpujarra deciden escribir letras nun idioma que non é o seu, que moitas das veces nin sequera dominan perfectamente (de seguro que aquí ha de haber quen me quite a razón...) e que, definitivamente, o seu público non entende. ¿Pra que se escriben entón as letras?... Houbo quen me criticou que o galego era moi pouco comercial. Tamén o castelán.

Entón falemos claro. Aquí do que se trata é de vender, e se non é por iso e é unicamente por decisión propia, entón trátase dun caso de *pringadismo* crítico.

Pero se todo isto ven provocado polas gañas de aparecer nas listas de vendas, entón coido que comezo a deprimirme, si, si, sen retransca ningunha: estoume sumindo nunha profunda tristeza vendo centos de rapazas e rapaces facendo o jilipollas nun garito, cantando nun inglés que faría despelotarse de risa a Michael Robinson, soñando que algún día haberá de aparecer un da Pepsi pola porta dicíndolles que o importante é que a eles lles guste (claro, a eles só, e os demais tanto ten, ¿verdade Undrop?). Pois iso, que o panorama está moi escuro se a xente ten todo iso metido na cabeceira.

Por iso eu me refería á xente que se xunta cando pode pra xuntar uns temas que falan de todo un pouco, do que lles apetece, do que lles jode... desas cousas. A min personalmente gústanme as letras de **La Polla Récorde** ("La solución final", "Salve Regina", "Ellos dicen mierda", "Era un hombre"...), ou as dos **Reincidentes** ("Grana y oro", "Gracias por venir", "Vicio"...), moitas dos **Porretas**, **Kortatu**, **Boikot** e todos estes que soltan letras que moita xente non para a escoitar porque di que non lle gusta esa música, pero ás veces teñen as mesmas ideas que se están

cantando.

Pero así como hai xente que pensa que eses grupos non lle gustan sen escoitar as letras, outras, que nalgún momento tamén o puideron dicir, cambian de opinión en canto aparecen nas listas de éxitos grupos como **Extremoduro**, **Ska-P**, **Molotov** ou **Los Suaves**, a carón de **La Rabia del Milenio**, **Gloria Estefan** (algún día falarei deste personaxe) ou **Alejandro Sanz** (a portada do seu último disco lembroume a certo cambio de imaxe que lle fixeron ao presidente Fraga nas autonómicas). Pois ben, toda esta xente que *ibuah*, que jevi es, que radical, que caña da! Pois a min me produce arcadas, dame noxo, ódioa porque é unha especie de rei Midas que enche de merda todo canto toca. Fai que un grupo que podería estar ben remate semellando unha caricatura patética do que foron os seus discos anteriores, ademais de provocar un sensible aumento no prezo dos traballos, que descubro últimamente que ven a ser isto como a cotización do grupo (o último dos **Extremoduro** anda polas 2.600 pelas!!).

Falando de **Extremoduro**, que observaran vostedes lectores que é o meu exemplo favorito, comprobén como se anuncia a bombo e platillo que no seu último CD inclúen un CD-ROM cun video censurado ate o de agora. Pois iso vende como churros, pero ¿entre quen? Pois entre moito tipo de xente, seguramente, pero na súa maioría *pringaos* de discoteca os fins de semana que tamén teñen cartos pra gastar case tres talegos nun CD... nin que non se puideran grabar.

Ese tipo de xente que e auténtica, independente, que *ibuah!*, tivo jari cos picoletos o outro día, que son unos capullos, e logo pasa, como dicía da outra vez, de ir a un concerto de rapaces que ninguén coñece porque non lle vai esa música... *pringaos*.

E eu digo que esa morralla non a quero ver nun concerto de solidariedade porque son morralla e non son solidarios con ninguén. E se puxeran de moda os concertos de solidariedade deixarían de ser concertos de solidariedade porque darían demasiados cartos e rematarían sendo outro **Festimad** capitalista que apodrecería aínda mais de cartos a catro pillos que conducen ben a todo este rebaño de idiotas. Porque son iso: un rebaño de idiotas.

música

Ó fin a 'Panacea'

HISTORIA DE MOITOS ANOS.

Primeiro foron *Krecha Vagula*, hai xa uns cinco ou seis anos, o que os convirte nun dos grupos máis veteranos da bisbarra, agora son *Panacea*, cambio de nome e volta de páxina pra comezar a escribir de novo a historia dun cuarteto eumés do que formaron parte inamobile *More* (guitarra e voces) e *Richy* (batería) e que dende hai tempo compoñen tamén *Guti* (guitarra solista e voces) e *Manuel* (baixo).

Resulta difícil comezar a falar de *Panacea* sen repasar o que foron durante anos os '*Krecha*', grupo que mesturaba letras en galego e castelán, con contidos reivindicacionistas unhas veces, intimistas outras, que deixaron temas coma '*Denantes mortos*', '*Uniformes verdes*' ou '*Por ti, mujer*' nunha maketa saída no 95 e bautizada na radio por Xurxo Souto (*Diplomáticos de Montealto*) no programa '*A tropa da tralla*' (Sáb. 12-14, 93.4 FM), onde tamén coñecemos grupos coma *Xenreira* ou os *Rastreros*.

Tras de *Krecha* quedan moitos concertos, no festival musical de Dexo, na propia vila e ata un breve paso polo Instituto de Mugardos hai dous anos, no II Macroconcerto Rock A.E.G., no que tocaron a carón dos mugardeses *Newt* e da mestura entre *Ares*, *Franza* e *Pontedeume* que era

Envergadura.

Pero *Panacea* quere deixar atrás o peso dun nome ao que se veía atado e comezar con novos folgos unha nova historia que comeza agora.


ENTREVISTA A PANACEA.

Xuntámonos un sábado con *Panacea* e tentamos sacar algo que imos denominar 'entrevista'. A certas horas de certos días a ofuscación mental pode ser importante nalgúns individuos polo que, queridos lectores, haberán de disculpa-la falta de lóxica nalgúns tramos das seguintes liñas, dadas á falta de disposición psíquica de quen escribía e quen falaba.

A panacea é, segundo o diccionario, o remedio que buscaban os alquimistas pra solucionar tódolos males, ¿que hai diso en vós?

RICHY: Nós somos uns alquimistas musicais na procura dun son curandeiro.

GUTI: O mundo da voltas, estamos na primeira volta do mundo. Hai remedios que para moita xente poden ser uns malos remedios, aínda así remedian a súa vida. Agora estamos nun momento no que facemos cousas pra isa xente. A *Panacea* para algunha xente é a destrución para outra quere destruírse



Moreira e Cabana en vivo na Cova das Bruxas

Non está todo inventado, pero facer algo novo dentro do

música



Panacea no último concerto en Pontedeume

rock (pop borde, apunta Richy) está hoxe moi difícil. Cada grupo aporta algo e tamén recolle algo dos demais, ¿que credes vós que tedes de novo e qué credes que vos influenciou?

G: O cambio non foi do día prá noite, foi fluíndo nos diversos tipos de música que fomos escoitando ó longo do tempo. Non nos comparamos con ninguén, gústanos Pixies, Los Enemigos, Nirvana... é pola festa en xeral... é algo autóctono. Música que pra unha xente está de acordo con ela e que puideron escoitar en discos pero non en concertos na súa vila.

R: Novo non temos nada. Influencias... os pais coma bo fillo de nai.

¿A que lle canta Panacea?

G: Non van a un mesmo punto. Pero si se nota unha ola un pouco pesimista na nosa onda. Nótase un fondo escuro nas letras.

R: Á Panacea da ledicia, da dor, do destino... ¿da vida?

Ben, Krecha é historia, ¿pensa Panacea asentarse cunha nova maketa?

G: Por suposto. Punto e final.

R: ¿Maqueta, CD, LP, concertos? ¡A ver quen nos subvenciona!

Boeno, sabemos quenes sodes e de onde vides ¿qué facedes se se remata o vino?

R: Beber outra cervexa musical.

G: Facémolo o mellor que poidamos. Pasámolo ben.

Vós tocastes hai case dous anos no Instituto de Mugardos, ¿que vos paraceu o público? ¿Tedes algunha opinión formada sobre a música que se fai en Bezoucos?

R: ¿Que público? A música moi mala. Non hai quen merque un bo rodaballo.

G: Escaso, pero cando tocamos sempre está o gusano dentro do corpo. Pasámolo igual haxa moita ou pouca xente. Malas Compañías sóame, Dragón Peta petaba de verdade, Barrock escoiteino, Envergadura foron un grupo que puido ascender un pouco máis na bisbarra, pero por razóns extraoficiais foise ó carallo (dame pena).

Teredes plans de futuro...

R: Disfrutar da música, que disfruten e, se hai algo de moedas, mellor.

G: Saltá-lo charco. O día 26 no fútbolín, enfrente do parque.

¿Teléfono de contratación?

R: 69 696 969 (e outros)

G: 981 432 089 e 981 432 841 para festas de gardar.

O reporteiro máis censurado de Bezoucos

Cançons da puta mili.

Exército Español... bonito nome dirán algúns. Moitas cancións se escribiron para ensalza-las súas fazañas noutroira: "Cara al sol", "Salve Regina", e todas esas das que non lembro o nome porque, de principio, non teño o máis mínimo interese en coñecer. Si, son cancións que saben nosos pais, nosos avós, porque eles viviron noutro tempo e, xa se sabe como andaba España (está todo no NODO).

Nós temos máis sorte e xa non hai que soportar esas cancións fachas que hoxe só cantan uns cantos con menos luces na cabeza que pelos (estoume a referir aos Skinheads nazis, non aos calvos). Hoxe, nembargantes, o que temos que aturar é a apoloxía das armas que fai o Goberno español nos seus reclamos publicitarios na procura de novos soldados profesionais. Gustaríame saber que acontecería se en troques de tanto gasto en Defensa (de...?) Aumentasen as axudas a un Terceiro Mundo moi, moi necesitado.

Pero tamén podemos disfrutar dalgúns temas mais acordes coa realidade que, se ben non se escoitan tódolos días na radio logo da canción de Cher, son coñecidos por xente consciente e non tan consciente. A continuación transcribimos un par de letras que tratan o tema, de grupinos coñecidos, a ver se vos gustan...

Arensivia.


Cara al culo

La Polla Records

Todos los fascistas viven
cara al culo
por eso no ven
más allá de su nariz
Ya que sois tan religiosos
¿Por qué no le dais
la paliza a Dios?

Aznar, imúérete!
Clinton, imúérete!
Cortina, imúérete!
Muñecos de feria...

La Madre Teresa
no nos interesa,
la tradición
es una maldición.
Las gerarquías
son una porquería.
Un patriota: un idiota.



Antimilitar-Antisocial

Porretas

Porque no te van las guerras,
ni esta puta sociedad
Te joden y marginan,
no eres de fiar
Porque vas con esos pelos,
y un parche antinuclear
pidiendo pa cerveza
lo que gana un general

Porque vas con esa pinta,
borracho y sin afeitar
no me importa que me digan
que soy antisocial

Anti-Antimilitar Anti-Antisocial
Anti-Antimilitar Anti-Antisocial

Porque no sigues el juego,
ni bailas a su compás
se preocupan de nosotros
solo para recaudar.
Porque todo lo que tienes,
cuatro perras mal contás,
manos llenas de callos,
muchas letras que pagar.
Porque todo el armamento
nunca nos sirvió pa na
los cascos pa macetas,
Soy antimilitar

Anti-Antimilitar...

atheos

Nin Deus, nin Patria, nin bandeira!

Que non, home, que non. Ese conto contábanllo a Jaimito no tempo da pataca, cando quen máis, quen máis aínda, non tiña nin puñetera idea de que era o Big Bang (Grande Explosión, pra entendérmonos). ¿De onde viña o home? Pois contábanche o conto de Adán e Eva e ale, a durmir. ¿Por qué hai animais e prantas na Terra? Pois porque un día alguén espertou con gañas de facer algo (non debían dar nada na tele) e fixo ipum!, alá van os tigres e os sapoconchos, e as ladillas e os virus, e ahí van as árbores e os incendios e os homes e os dictadores e os papas e os bispos coma puchos, e aí van as liturxias e os cálices d'ouro.

E a máis boa ¿por qué hai tantas línguas no mundo? Pois ese foi un castigo de Deus polo ruíns que eran os homes no mundo, que coma berraban coma os monos fastidiounos e fíxolles cordas vocais e comezaon a falar e, quen sabe se a cavilar, e xa se fastidiou, que houbo que dar clases de inglés pra aprobalo no Selectivo (ale, outra máis).

Ahí tedes. A humanidade pecadora, a fornicación, que está prohibida, a luxuria, o foder por pracer, que só se fode pra ter fillos, e cantos máis millor, que pra iso imos de misioneiros a África a dicirille aos negriños que teñan fillos, que é mensaxe de deus, e alá van eles, pobriños, e teñen un fillo e lles morre no parto, vaia home, haberá que facer outro, e nácelles outro, pero no ten pra levar á boca e alá vai tamén feito un meniño de quince meses, ale, outro intento, e desta xa hai complicacións e alá van neniño e nai nun parto mal parido, que non había un misioneiro de



Deus preto pra atender á pobre fabricadora de servos do Señor.

Non, non, a fornicación está prohibida. Aos homosexuais ás luminarias, que eses non o fan pola conservación da especie, que o fan por gusto e iso sí que non, que o Señor deulle-lo que teñen pra meter cada cousa no seu sitio. ¿Curas gays? ¡Non ho! (Bueno algún si, pero non llo digas a ninguén que é pecado mortal, segredo de confesión).

E logo, claro, ¿a ti quen che dixo que a Terra era redonda e xiraba arredor do Sol, díxocho Deus?, non ¿verdade?, pois ale, por espabilado ti tamén vas á luminaria. Ti e mailo teu colega que anda esbardallando por aí que o sangue que o Señor nos puxo no corpo anda correndo dun lado pra outro. ¡Herexes do Demo!



¿E os moros? A eses sí que hai que poñelos a andar. Xa veran que Santas Cruzadas preparamos e o ven que o han de pasar espichados todos nun pau. Iso por non crer na mensaxe do Señor e facer caso doutro moro ¿a quen se lle ocorre facerlle caso a un moro? Aos moros, que son todos iguais.

Somo-lo pobo elixido polo Señor e a nós deuno-la revelación divina polo seu fillo, que baixou e xuntou unha pandilla jipi e alá foi a conquistar Roma por calquera dos camiños. Somos nós e non o resto da humanidade que blasfema, que fornicar e que fala as linguas dos condeados pola divinidad.

Recemos todos por que o final dos tempos non chegue tan axiña que non nos dé tempo de nos arrepentir dos pecados.

Amén.

EI.

3 LETRAS
MCD
RIP
TTM

4 LETRAS
NEWT
LEÑO

5 LETRAS
ARUME

6 LETRAS
WISDOM
DEJA-BU
BOIKOT
POTATO
VÓMITO

7 LETRAS
BARROCK
KORTATU
ATAHIDE
LA TXONA
LA POLLA

8 LETRAS
PIPERRAK
PORRETAS

9 LETRAS
ULTIMATUM
A PALO SEKO
RONCARELA
ESKORBUTO
OSTIAPUTA

10 LETRAS
DRAGÓN PETA
CHARAVISCA
ESKIZO-ROCK
DISTORSIÓN


11 LETRAS
ENVERGADURA
PARAMILITAR

12 LETRAS
KRECHA VAGULA

13 LETRAS
FILLOS DE RIVERA

14 LETRAS
MALAS COMPAÑÍAS
LAKÓN KON GRELOS

NOTA: ALGUNS DOS NOMES DESTES GRUPOS, FAMOSOS EN BEZOUROS, ESTAN DISPOSTOS EN VERTICAL EN DIRECCIÓN ABAIXO-ARRIBA



ENCUILLADO MUSICAL



EXG

	A	B	C	D	E	F	G	H	I
1									
2									
3									
4									
5									
6									
7									
8									
9									


Por María Otero & Elena Brozos

HORIZONTAIS: 1. Consoante. Conxunto de castiñeiros. Punto cardinal. 2. Ó revés, prender lume. 3. Estraña. Cofre, baúl (ó revés). 4. Demostrativo masculino plural. Ó revés, adverbio de cantidade. 5. Cen. Punto cardinal, Consoante. Vocal. 6. Ó revés, trapo. Incar o dente coma os coellos, ratos, ..., ó revés. 7. En castelán, cóbado. Carmiña. 8. Río galego. En castelán, sufixo diminutivo. 9. Consoante. Ó revés, ananos. Punto cardinal.

VERTICAIS: A. Punto cardinal. Ó revés; cocinar con auga. Consoante. B. Ó revés o mesmo río de antes. Pronome de 1ª persoa. C. Amainadas, tranquilas. D. Composición poética, pl. Orificios microscópicos da pel. E. Número. Consoante. F. Textos. Vía do tren. G. Oeste. H. Traballa a terra. A mesma composición poética de antes en sg. I. Punto cardinal. Quixera. Vocal.

sopa deportivista

Atopa neste caldo o nome de vinte compoñentes do actual plantel do R. C. Deportivo da Coruña



G

VOCEIRO TREME A TERRA

N.º 8 MARZAL - 40 PESOS

TREME A TERRA
APDO. DE CORREOS
N.º 94 C.P. 15.600
PONTEDEUME

VOCEIRO TREME A TERRA

VOCEIRO TREME A TERRA

ESTA
SOMADA
NUNCA
CUBA

CUBA

CUBA ES LIBRE



Os Pínos

¿Que din os rumores
na costa verdecente,
ao raio transparente
do plácido luar?
¿Que din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fugar?

-O teu verdor cinguido
e de benignos astros
confín dos verdes castros
e valeroso chan
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono,
Fogar de Breogán.

Os ños e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso rouco son,
máis só os ignorantes,
e féridos e duros,
imóviles e escuros
non nos entenden, non.

Os tempos son chegados
dos ñardos das idades,
que as vosas vaguidades
cumprido fin terán;
pois onde quer xigante
a nosa voz pregoa
a redención da ñoa
nación de Breogán.

Teus fillos vagorosos
en quen honor só late,
a intrépido combate
dispondo o peito van;
Sé, por ti mesma, liñe
de indigna servidume
e do oprobioso alcume
rexaón de Breogán.

A noñre Lusitania
os brazos tende amigos,
aos cidos ñen antigos
con un punxente afán;
e cumpre as vaguidades
dñs teus soantes pinos
duns máxicos destinos
¡Oh grei de Breogán!

Amor da terra verde,
da verde terra nosa,
accende a raza ñriosa
de Ousinde e de Froxán;
que aló nos seus garridos
xustillos, mal constreitos,
os doces e albos peitos
das pillas de Breogán,

que á noñre proñe ensinen
fortísimos accents,
non móidos concertos
que as virxes só ñen están;
mais os robustos ecos
que loh patrial ñen recordas
das sonoras cordas
das arpas de Breogán.

Estima non se alcanza
cun vil xemido ñrando;
calquer requer rogando,
con voz que esquecerán;
mais cun rumor xigante,
sublime e parecido
ao intrépido sonido
das armas de Breogán.

Calcos, sede fortes;
prontos a grandes feitos;
aparellade os peitos
a glorioso afán;
fillos dos noñres celtas,
fortes e peregrinos
Luitade plos destinos
dos cidos de Breogán.